

GUÍA DOCENTE DE **SEGUNDO INSTRUMENTO I-VI (CLAVE)**

## ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

## TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: SEGUNDO INSTRUMENTO I-VI (CLAVE)										
ESPECIALIDADE	Musicoloxía							ITINERARIO	Etnomusicoloxía, Histórica	
CARÁCTER	Obrigatoria							TIPO DE CLASE	Individual	
CURSOS	1º curso		2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO	Música antiga
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1h.
ECTS/CUAD.	3	3	3	3	3	3			Observacións:	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRIPTOR:	Adquisición de destrezas básicas para a interpretación musical cun segundo instrumento. Práctica da técnica instrumental e aprendizaxe do repertorio principal de nivel axeitado. Preparación para a interpretación en público, como solista ou formando parte dun grupo.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T3, T6, T13, T15
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X3, X6, X8, X11, X13, X21, X24
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EM4
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1. Interpretar os diferentes estilos do repertorio solista e rexistralos adecuadamente	Todas
2. Desenvolver una boa articulación e produción do son	
3. Interpretación das obras coa dixitación antiga	
4. Desenvolver o control técnico dende a tecla	
5. Interpretar as obras segundas convencións musicais, rítmicas e estilísticas que procedan	

4. CONTIDOS
Técnica
Virxinalistas
Música francesa
Estilo italiano/ ibérico



Música alemana
Estilo clásico/ Empfisarkeit

**5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN**

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Actividades introdutorias (Saúdo inicial; posta en común dos coñecementos que posúen os alumnos/as ao comezo do curso, e exposición das expectativas que teñen cara ao cuadrimestre que comeza).	Presencial	Ao comezo do cuadrimestre
Exposición práctico-teórica (Exposición do traballo do alumno/a na aula)	Presencial	Regular
Lectura guiada e comentario de fontes (preparación durante a clase do traballo encomendado para a seguinte sesión. Supervisión da información teórica aportada polo alumno/a)	Presencial	Regular
Pescuda de información (tempo de pescuda de información adicional ao traballo da aula proposto).	Non presencial	Permanente
Actividades complementarias (Asistencia a cursos, seminarios, conferencias..., relacionados coa disciplina...)	Non presencial	Esporádica
Titorías (atención particular ao alumno/a)	Non presencial	Esporádica
Actividades de avaliación: - Presentación traballos - Revisión de probas	Presencial	Ao final do cuadrimestre

**6. AVALIACIÓN**

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á "avaliación alternativa" e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

*\*Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.*